

**RESOLUCIÓN pola que se aproba a relación provisional de persoas admitidas e excluídas ao proceso para a cobertura de un posto na Axencia Galega de Innovación de persoal investigador, na modalidade de investigador distinguido, para beneficiarios dunha bolsa do Consello Europeo de Investigación (ERC), no marco do programa Oportunius, convocados pola Resolución do 26 de maio de 2021 (DOG núm. 103, do 3 de xuño de 2021)**

En virtude do Decreto 50/2012, do 12 de xaneiro polo que se crea a Axencia Galega de Innovación e se aproban os seus estatutos, modificado polo Decreto 125/2016, do 1 de setembro, e polo Decreto 85/2019, do 4 de xullo, e de acordo co establecido no artigo 11 das bases da convocatoria que rexe o proceso de selección convocado por Resolución do 26 de maio de 2021 (DOG núm. 103, do 3 de xuño de 2021), esta Dirección

RESOLVE:

Aprobar a relación provisional de admitidos e excluídos para a cobertura de un posto de persoal investigador da Axencia Galega de Innovación baixo a modalidade de persoal investigador distinguido (Anexo).

Contra esta resolución, as persoas interesadas disporán dun prazo de cinco días hábiles, contados desde o seguinte ao da publicación na páxina web, para presentar as reclamacións que consideren oportunas.

As reclamacións presentaranse, tal como figura no artigo 8 das bases da convocatoria, electronicamente accedendo á carpeta do cidadán da persoa interesada dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

De acordo co artigo 11 parágrafo 2º das bases da convocatoria, a relación de aspirantes excluídos e admitidos pode consultarse na páxina web da Axencia Galega de Innovación ([gain.xunta.gal](http://gain.xunta.gal)), na epígrafe Axencia/Procesos Selectivos/ Procesos selectivos ano 2021.

Os/as aspirantes que dentro do prazo sinalado non emenden os defectos que motivaron a súa non admisión serán definitivamente excluídos/as.

Asinado electronicamente en Santiago de Compostela, na data que consta na marxe

A directora da Axencia Galega de Innovación

Por ausencia

Resolución do 16 de xuño de 2014 (DOG núm. 127, 7 xullo)

O director da Área de Xestión

Benito Fernández Rodríguez





**ANEXO**

**LISTA PROVISIONAL DE ADMITIDOS E EXCLUÍDOS**

**PRAZA NÚMERO:** 1

**DOMINIO ERC:** Ciencias Físicas e Enxeñaría

**POSTOS:** 1

**ANO DA CONVOCATORIA:** 2021

**PUBLICACIÓN DA CONVOCATORIA:** Diario Oficial de Galicia do 3 de xuño do 2021 (Núm.103)

**DATA DO LISTADO:** 21 de xuño de 2021

**ADMITIDOS:**

APELIDOS	NOME	NIF/NIE/PASAPORTE
Glowacki	David Ryan	***0089**

